



ENERXÍA, MATERIAIS E MEDIO AMBIENTE: Renovación na Terra

Temos unha das maiores infraestruturas subterráneas para o transporte público e o aproveitamento hidráulico, exportando a todo o mundo a moderna tecnoloxía de operación na construción de túneles e galerías. Por outra banda, somos destacados produtores de lousa, mármore, celestita, granito, fluorita, sulfato sódico...

Os **Enxeñeiros da ETSE de Minas** por tradición están presentes en todos estes procesos de construción, prospección e explotación.

- Túneles e obras subterráneas. Explosivos e voaduras.
- Industria extractiva (pedra natural...) e do petróleo.
- Xeotecnia e cimentacións.
- Integración paisaxística (movemento de terras...).
- Riscos xeolóxicos e ambientais (prevención/corrección).
- Hidroxeoloxía (prospección/xestión augas subterráneas).
- Cartografía, teledetección e GPS.
- Prospección e investigación de recursos xeomineiros.



EXPERIMENTACIÓN
DIRECTA



INVESTIGACIÓN
INTERACTIVA



ENERXÍA, MATERIAIS E MEDIO AMBIENTE: Renovación na Terra

Actualmente a **ETSE de Minas** da Universidade de Vigo forma no seu **Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos** e no seu **Grao en Enxeñaría da Enerxía** profesionais que son, por convicción, xestores da utilización responsable dos recursos naturais da Terra. Os devanditos recursos e a preocupación polos problemas ambientais que do seu uso se derivan constitúen para estes profesionais obxectivos fundamentais. A amplitude e profundidade dos coñecementos teóricos e prácticos que recibe durante a súa formación académica convérteno nun técnico versátil e con alto potencial laboral en innumerables campos de traballo como: a xestión de recursos e do medio ambiente, a enerxía e os combustibles, a xeoloxía, as obras públicas e a construción, a dirección de empresas, a siderurxia, a metalurxia, os explosivos, a seguridade e a prevención de riscos laborais, a administración pública, a docencia ou a investigación.

Semana da Ciencia 2012 ETS de Enxeñaría de Minas

Universidade de Vigo
do 12 ao 16 de Novembro




<http://webs.uvigo.es/etseminas/>

<http://www.cursocerominas.com/>

<http://www.pasaporteconfuturo.com/>






ENERXÍA, MATERIAIS E MEDIO AMBIENTE: Renovación na Terra

A desigual correlación mundial entre fontes de enerxía e consumo enerxético afecta extremadamente ao noso país, cuxo progreso está orixinando un incremento do consumo enerxético cada vez máis elevado. Si a elo engadimos as demandas sociais de acceso á enerxía, garantía de abastecemento e custodia do medio ambiente, é evidente que se requiren cambios estratéxicos na nosa política enerxética. Neses cambios os **Enxeñeiros da ETSE de Minas** xogan un papel predominante.

- Combustibles convencionais: gas, petróleo, carbón...
- Aforro e eficiencia enerxética.
- Coxeneración.
- Centrais térmicas e hidroeléctricas.
- Novas tecnoloxías enerxéticas (biocombustibles...).
- Recursos enerxéticos renovables (solar, eólica...).
- Xeración, transmisión e conversión da enerxía térmica.
- Transporte e almacenamento (gaseodutos...).

EXPERIMENTACIÓN DIRECTA



INVESTIGACIÓN INTERACTIVA



ENERXÍA, MATERIAIS E MEDIO AMBIENTE: Renovación na Terra

As ciencias dos materiais e a metalurxia enfróntanse ao reto do deseño e estudo de novos materiais ou da sustentabilidade, empregando metais máis responsable e eficientemente, reducindo o seu consumo con mellores deseños, usando recursos minerais co mellor rendemento..., todo elo acompañado dunha estratexia de substitución por elementos con maior dispoñibilidade ou mellor capacidade de reciclado. Nestes procesos a contribución dos **Enxeñeiros da ETSE de Minas** é fundamental.

- Materiais de construción.
- Materiais metálicos, cerámicos, plásticos e híbridos
- Fundicións e fábricas de aceiro.
- Técnicas de conformado e unión.
- Reciclaxe de metais e residuos.
- Materiais biocompatibles e biomédicos.
- Novos materiais: nanomateriais, supercondutores...
- Materiais con memoria de forma...

EXPERIMENTACIÓN DIRECTA



INVESTIGACIÓN INTERACTIVA

